

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE CANGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DIFUSIÓN CINEMATOGRÁFICA CINEMAS DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Xosé Manuel Pazos Varela**, na súa calidade de **alcalde-presidente do Concello de Cangas** (en adiante o Concello), con CIF P-3600800-A, con sede en Paseo de Castelao 2, 36940 Cangas

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídico-legal suficiente para obrigarse, na representación que ostentan, e por conseguinte

EXPOÑEN


PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.1.b) da Lei 4/2008), así como fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego, ademais de promover a comercialización e distribución dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos.

Para o logro dos seus obxectivos, a atendendo a outro dos fins da Agadic, de estreitar a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia para aproveitar as sinerxías, incrementar as posibilidades de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO.- Que Cinemas de Galicia é unha rede de salas públicas impulsada pola Agadic para a exhibición cinematográfica que ten como finalidade incrementar tanto o número de pantallas da Comunidade como as opcións de distribución dos filmes galegos máis recentes, un circuíto que camiña, dende a súa creación en 2014, cara a progresiva ampliación dos seus espazos e dos títulos que conforman o seu catálogo, no que a produción galega dialoga sen complexos co cine europeo actual e que pretende achegar o cine a aquelas localidades que non dispoñen de salas comerciais.





TERCEIRO.- Que o Concello de Cangas, dende a súa adscrición ao programa Cinemas de Galicia, vén desenvolvendo unha programación cinematográfica que lle facilita ao público a oportunidade de presenciar na súa poboación títulos que, aínda de contrastada calidade, non son doados de atopar nos circuítos comerciais.

CUARTO.- Que o Concello de Cangas dispón do espazo denominado Auditorio Municipal, que cumpre as condicións de capacidade, dotación técnica e sistemas de seguridade requiridos polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) para ser homologado como sala apta para a realización de proxeccións cinematográficas.

QUINTO.- Que a Agadic, atendendo así mesmo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, considera esencial o establecemento de accións conxuntas co Concello de Cangas que permitan a colaboración no desenvolvemento deste proxecto co fin de contribuír a este labor de difusión do cine e de promoción e potenciación, a vez, do sector cinematográfico galego.

Tendo en conta o exposto anteriormente, as partes asinantes acordan subscribir este convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración no desenvolvemento do programa de difusión cinematográfica Cinemas de Galicia en Cangas durante o ano 2018, cun **calendario de programación dividido en dous períodos: do 30 de abril ao 24 de xuño e do 10 de setembro ao 2 de decembro.**

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.


TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

O desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polo Concello, nun proceso de colaboración continua coa Agadic. O Concello designará o persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará as actividades, xestionando calquera modificación que xurda no desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución.

A Axencia Galega das Industrias Culturais adquire os seguintes compromisos:

1. Coordinar o proxecto Cinemas de Galicia no seu conxunto, prestando asesoramento e colaboración no seu desenvolvemento.
2. Ofertar un catálogo de películas formado por filmes galegos en fase comercial e filmes europeos (incluído cine español) avalado por premios ou outros recoñecementos.
3. Financiar o 50% dos dereitos de exhibición das películas.
4. Negociar con produtoras e distribuidoras prezos unificados e especiais.
5. Habilitar un espazo web no que acceder á programación, trailers e plataformas para visionado previo. Neste espazo informarase de todos os aspectos relacionados coa contratación dos pases.
6. Definir a marca, executar os plans de lanzamento e promoción e facilitar as ferramentas de difusión (cartelería, publicidade, web, redes sociais...).
7. Elaborar informes de resultados e estatísticos.





O Concello de Cangas, pola súa parte, adquire os seguintes compromisos:

1. Realizar os trámites pertinentes requiridos polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) para declarar oficial o cómputo de taquilla mediante inscrición no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, así como a cualificación por idades marcadas polo ICAA. Para a realización dos ditos trámites precísase sinatura dixital.
- 2. Programar en ambos períodos de programación: do 30 de abril ao 24 de xuño e do 10 de setembro ao 2 de decembro.**
3. Programar segundo o catálogo ofertado. A Agadic participará como máximo na financiación de unha proxección á semana, e a programación que exceda este límite será financiada na súa totalidade polo Concello.
4. Facilitar o espazo de proxección e persoal suficiente para levar a cabo a actividade: recadación de taquilla, encargado de proxección, acomodación de público e/ou o que o Concello estime pertinente.
5. Acreditar o certificado de alta expedido polo ICAA para declarar o espazo como sala de exhibición homologada.
6. Asumir o 50% do financiamento dos dereitos de exhibición.
7. Asumir a totalidade dos gastos xerados polo transporte das películas.
8. Organizar a venda de localidades e ingresar as cantidades recadadas.
9. Establecer un prezo taxado de 3 euros por entrada (incluído IVE).
10. Organizar e dinamizar o proxecto no ámbito do Concello, difundindo a actividade, publicitándoa a nivel local e promovendo a participación do público.
11. O Concello comprométese a utilizar en todo o material de difusión, tanto en liña coma impreso, que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia), no desenvolvemento das actividades conveniadas.
12. Trasladar periodicamente información á Agadic sobre a marcha das actividades realizadas.

CUARTA.- ESPECIFICIDADE DO PROGRAMA


Non se proxeccionará ningunha película do programa Cinemas de Galicia con motivo ou pretexto doutra actividade de calquera tipo (premios, cursos, programas, encontros, festivais...) na cal se poida intercalar ou incluír, sen o consentimento explícito e por escrito da Agadic, co fin de non desprezar o obxectivo deste programa de fomentar programacións estables nos concellos.

En todas aquelas proxeccións que se realicen ao abeiro deste convenio, ofreceranse invitacións de protocolo á Agadic nun número proporcional ao aforo, cun máximo dun 10%, que en ningún caso poderá ser superior a cinco.

QUINTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa. O Concello informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.





SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte do Concello actuará como responsable desta comisión o seu alcalde-presidente, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización das actividades conveniadas a Agadic comprométese a achegarlle ao Concello o importe correspondente ao 50% dos custos dos dereitos de exhibición das películas programadas, ata un máximo de 3.000 euros. A efectos da cofinanciación, os períodos de programación dividiranse do seguinte xeito:

Primeiro período:

do 30 abril ao 27 de maio: os dereitos de exhibición corren a cargo da Agadic.

do 28 de maio ao 24 de xuño: os dereitos de exhibición corren a cargo do Concello.

Segundo período:

do 10 de setembro ao 21 de outubro: os dereitos de exhibición corren a cargo da Agadic

do 22 de outubro ao 2 de decembro: os dereitos de exhibición corren a cargo do Concello

En todo caso deberá garantizarse que o gasto de cada unha das partes asinantes sexa igual ao da outra, podendo compensarse as diferenzas do primeiro período coa programación do segundo.

A achega económica da Agadic ascenderá a un máximo de 3.000 euros, impostos incluídos, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en **dúas fases**, tras finalizar cada período de programación e unha vez xustificado por parte do Concello as actividades conveniadas en cada un deses períodos de programación. O primeiro período de programación debe xustificarse **antes do 31 de xullo** de 2018 e o segundo, **antes do 31 de decembro** do ano en curso.


A documentación que debe entregar o Concello para xustificar cada período de programación deberá englobar os seguintes documentos referidos ao importe que financia a Agadic en cada fase:

- 1. Memoria descritiva das actividades desenvolvidas con indicación dos títulos proxectados, as datas de proxección e o número de espectadores asistentes a cada unha así como a copia da folla de taquilla rexistrada telematicamente no ICAA.**
- 2. Memoria económica con desagregación e explicación dos gastos efectuados.**
- 3. Xustificantes de gasto, que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados dos xustificantes bancarios dos pagamentos (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).**

A maiores, ao final de cada período de programación, o Concello entregará unha memoria global de todas as actividades financiadas en virtude do presente convenio, incluíndo un informe de custos globais, e desagregados por cada unha das partes.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.





Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas.

O Concello ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e do Concello. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

En calquera caso o Concello poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **31 de decembro de 2018**.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación no desenvolvemento deste convenio a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, os principios establecidos na lexislación de contratos.

DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puidesen presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello

Reitor da Agadic, DOG 29/8/2012)

POLO CONCELLO DE CANGAS

Xosé Manuel Pazos Varela

Alcalde-Presidente

galicia

